

## A QUE ASPIRAMOS?

Coñeceuse xa a sentenza contra Augas de Galiza, onde unha vez máis se constata a ilegalidade da cementeira de Vilar.

Dende o inicio da nosa andadura na política local interesámonos pola vergonzosa situación desta cementeira. Unha e outra vez pedimos explicacións aos nosos gobernantes sobre este asunto, tanto de maneira formal nos plenos, como en xuntanzas co equipo de goberno, onde expuxemos a nosa incompreensión ante tan manifesta ilegalidade.

¿Por que cando se trata da ilegalidade dunha vivenda dun veciño se cumpren as sentenzas, pero cando se trata dunha empresa privada hai tanta reticencia?

No mes de maio do pasado ano sacamos a rúa un taboleiro informativo onde explicabamos toda a casuística deste caso á veciñanza; taboleiro que amenceu cunha pintada na que se lía:

### **A QUE ASPIRAIS?? POPULISTAS**

**Ao que aspiramos é a que se cumpra coa lei, que se cumpran as sentenzas que ordenan o peche da cementeira. Esa é a nosa aspiración: que dunha vez por todas se remate cunha ilegalidade que xa dura 24 anos.**

